

Anexo III

Emenda 2

2.3.

Liña 62.

Despois de “de acordo co IPC”, engadir “En 2021 e 2022 a suba das pensións foi inferior ao IPC. En 2023, a suba do 8,5% foi superior ao IPC, a 31 de decembro, do 5,7%”.

Aprobada

2.4.

Liñas 66 e 67.

Substituír desde “Ningunha forza política ...” por “O Goberno aceptou subir as pensións segundo o IPC medio acumulado. As forzas políticas á súa esquerda asumen, con distinta intensidade, as propostas do MSDPP. Só os partidos da oposición , PP, Vox, CS, reclama a práctica conxelación do poder adquisitivo das pensións”.

Aprobada substituíndo:

A.”O PSOE” por “O Goberno”

B. “A dereita, PP, Vox, CS” por “os partidos da oposición”.

2.5.

Liñas 112 e 113.

Substituír desde “Consideramos ...” por “Desde 2008 até 2022 a partida en pensións como porcentaxe do PIB aumentou un 50%, pasando do 8,5% ao 12,8% do PIB. Nas próximas décadas aumentará a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre a poboación total. A CE preme para conxelar a partida en pensións. O MSDPP debe traballar para aumentar a porcentaxe de PIB dedicada ao pagamento das pensións”.

Aprobada cambiando “ o gasto en pensións” por “a partida dedicada ao pagamento das pensións”.

2.8.

Liña 163.

Na 4º fase, cara ao final, ao definir as nosas accións futuras, introducir como primeira: “Conseguir que ningunha persoa pensionista perciba menos do salario mínimo interprofesional”.

Aprobada.

2.10.

Liña 247.

Engadir “O parlamento do Estado constituirá unha comisión para estudar o adianto da xubilación antes dos 65 anos tendo en conta os mesmos criterios, se re-avaliarán os coeficientes redutores profesionais, a taxa de paro total, a taxa de paro xuvenil a taxa de actividade feminina e a necesidade de reducir o nivel de produción e consumo de acordo coas esixencias da transición ecolóxica”.

Aprobada engadindo:

“Tendo en conta os mesmos criterios se re-avaliarán os coeficientes redutores profesionais”.

2.11.

Liña 250.

Substituír o punto 4, por:

“En consecuencia reivindicamos:

4. A derogación da Lei de regulación para o impulso dos plans de pensións de emprego, de 30 de xuño de 2022 e a creación dun fondo de pensións de promoción, depósito e xestión pública para investir na transición enerxética e financiar a constitución dunha Empresa Pública Galega da Enerxía”.

Preséntanse varias propostas.

- Cortar o texto en ...2022.
- Cortar o texto en ...xestión pública.
- Deixar o texto como propón a emenda.
- Cambiar “Galega” por “Estatal”.

Sometido a votación o resultado foi o seguinte

Proposta A..... 7 votos

Proposta B.....9 votos

Proposta C.....24 votos

Proposta D..... 2 votos

Aprobada a emenda tal como se presentou.

2.13

Liña 262.

Substituír “e aumentar a recadación en 6 puntos do PIB” por “que garanta ingresos suficientes para financiar sistemas 100% públicos de sanidade, educación, dependencia e pensións, así como para a crecente necesidade de intervención pública na economía”.

Apróbase engadindo despois de “pensións,” “e para erradicar totalmente a pobreza”.

(Xabier P. D.)